

Resolución da Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas (592) e do corpo de profesores de música e artes escénicas (594). (código de procedemento ED003A).

Mediante Resolución do 28 de novembro de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia correspondente ás seguintes especialidades do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas (592) e do corpo de profesores de música e artes escénicas (594)

a) Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas

CÓDIGO ESPECIALIDADE	DENOMINACIÓN ESPECIALIDADE
592002	Árabe
592012	Italiano
592013	Xaponés

b) Corpo de profesores de música e artes escénicas

CÓDIGO ESPECIALIDADE	DENOMINACIÓN ESPECIALIDADE
594401	Acordeón
594402	Arpa
594405	Clave
594406	Contrabaixo
594411	Fruta de bico
594417	Instrumentos de corda pulsada do renacemento e do barroco
594432	Viola da gamba
594436	Danza Clásica
594437	Danza contemporánea
594442	Caracterización e indumentaria

Mediante resolución do 25 de xaneiro de 2023 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no citado procedemento.



Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra a citada relación provisional e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no citado procedemento, e facelas públicas no portal da Internet desta consellería, de acordo co disposto na base oitava da citada convocatoria.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e facer pública no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades www.edu.xunta.gal a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas anteditas especialidades.

Segundo.- Declarar deserto o procedemento para as especialidades de italiano (592012) do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas e de arpa (594402) e de instrumentos de corda pulsada do renacemento e do barroco (594417) do corpo de profesores de música e artes escénicas ao non constar admitida ningunha solicitude de participación.

Terceiro.- De acordo co disposto na base oitava das convocatorias pola que se acordou a apertura deste procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, as persoas interesadas poderán, contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, formular un recurso de reposición que presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado do procedemento ED003A, opción "recurso de reposición", accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED003A&ano=2020&numpub=1&lang=gl>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades <https://www.edu.xunta.gal>, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

